

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	PONTECESURES
Edificio	Igrexa de San Xulián de Requeixo
Dirección	Rúa do Pilar, 13. 36640
	42.72600723677326 -8.650469496303067
Protección	

Descricion	<p>A igrexa de San Xulián de Requeixo é de orixe románica, rematouse de construír o primeiro de outubro do ano 1116 sendo Obispo don Diego Xelmírez. Segundo a carta arqueolóxica editada polo museo Provincial de Pontevedra, no ano 1918 foi localizada nesta capela unha ara adicada a Xúpiter, outra ofrecida os Lares e outras dúas ilexíbeis. San Xulián de Requeixo é un templo de difícil interpretación, pois, aínda que aparentemente conserva gran parte da súa primitiva factura románica, óllase a simple vista que sufriu numerosas reformas.</p> <p>O templo é dunha soa nave, sen ábsida, sendo o seu interior moi sobrio, presentando unha cuberta de madeira a dúas augas. O testeiro atópase moi reformado, mostra un gran van rectangular e o seu carón percíbese unha antiga porta rectangular cegada. Sobre o piñón sitúase unha sinxela cruz.</p> <p>No exterior, o muro meridional da nave, aínda conserva algunhas partes interesantes da obra románica. Nesta fachada ábrense tres vans, aínda que só o central é orixinario. Trátase dunha sinxela saeteira con derrame interno e con remate superior en forma de arquíño de ferradura. O máis oriental é un pequeno van cuadrangular, de evidente factura moderna e o da parte occidental, unha saeteira rectangular, posiblemente dunha reforma posterior. Destacan os doce canzorriños entre os que ollamos dúas cabezas de monstros, un coa boca aberta e unha gran lingua e o outro que semella coller un obxecto cuadrangular e unha figura humana sentada tapando as súas partes coas mans. Ollamos neste muro tamén, un arco de gran tamaño sen sabermos ben cal sería a súa función.</p> <p>No muro setentrional non conserva ningún van orixinal nin canzorriños. Presenta unha sinxela porta alintelada e dous vans, un cuadrangular e outro en forma de saeteira rectangular.</p> <p>A fachada principal non é orixinal ollándose modificacións. Ábrese no centro unha porta de arco de medio punto e, enriba desta, un pequeno óculo que da luz ó seu interior. No vértice da fachada, ábrese unha pequena fornella coa imaxe de San Xulián no seu interior. Coroando o vértice unha sinxela cruz de pedra e flanqueando o lado norte, un pináculo con bóla. No lado sur, álzase unha robusta torre-campanario cuadrangular formado por catro machóns unidos por arcos de medio punto onde levan as campás e, rematadas cunha cornixa e unha cupuliña.</p> <p>Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos. Sinalar que a partir do ano 1968, San Xulián de Requeixo, quedou desligado da freguesía de Santa Mariña de Herbón (Padrón) por mandato do arzobispo de Compostela, Miguel García Cuesta. Ata entón o culto víñase celebrando na antiga igrexa de San Xulián e no pequeno santuario da Leprosaría de San Lázaro. Este santuario existiu ata o último terzo do século XIX, na praziña da igrexa. No ano 1875, unha xunta parroquial acordara construír un novo templo en Requeixo. O novo templo construíse co esforzo de tódolos veciños, quedando inaugurada o 8 de outubro de 1893 e quedando San Xulián como capela. A partires do ano 1925 constituíase o novo concello independente de Pontecesures, e a freguesía de San Xulián de Requeixo, mediante providencia do Provisor do arzobispo de Santiago de Compostela, pasaba a chamarse como na actualidade.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	

Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	26-05-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Menor	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1919	65	159
Torre-campanario	Maior.	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1916	67	174

Información completa: [Igrexa de San Xulián de Requeixo - PONTECESURES \(GALICIA\)](#)

PDF (22-06-2026)